

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



ACTA IV

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO OFERTA EXTRAORDINARIA EMPREGO PÚBLICO 2022 PROCESO ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL LEI 20/2021 CONCURSO-OPOSICIÓN. DÚAS PRAZAS ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR ADMINISTRATIVA. EXPTE. 659/406.

Na sala de reunións da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, sendo as 13.00 horas do 23 de febreiro de 2023 constituíse o Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para o ingreso polo sistema de concurso-oposición en dúas prazas da Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar, Grupo C, Subgrupo C2 da XMU do Concello de Vigo, incursas no suposto do artigo 2.1 da Lei 20/2021, do 28 de decembro. (Estabilización de emprego temporal)

Integran o Tribunal os seguintes membros:

Presidenta

D^a Beatriz Rodríguez Yáñez, TAX da XMU.

Vogais

D^a Teresa M^a Rivas Rodríguez, Administrativa de Administración Xeral da XMU.

D^a Aurora Corbacho Quintela, Administrativo de Administración Xeral da XMU.

Secretario

D. José Riesgo Boluda, Secretario da XMU.

É obxecto da reunión o exame dos escritos de alegacións, queixas e reclamacións presentados por diversas persoas participantes no proceso de selección ao obxecto de emitir o informe previsto no artigo 121.2., segundo parágrafo, da Lei 39/2015.

Tras o estudo dos escritos presentados, sendo as 14.00 horas, o Tribunal conclúe a sesión.

Formálzase a presente ACTA que asinan dixitalmente comigo os membros do Tribunal. Proceder a súa publicación na Sede Electrónica do Concello de Vigo. O secretario DOU FE.